

## NOVIEMBRE 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Novembro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	6.463.481	6,5%	234.727	-1,9%
<b>NOITES</b>	18.236.555	4,0%	497.388	6,6%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	2,82	-2,4%	2,12	8,6%
<b>% OCUPACIÓN</b>	51,47%	1,03	30,97%	2,35
<b>% OCUPACIÓN Fds</b>	59,78%	1,19	37,61%	3,63

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- No pasado mes de novembro rexístrase un incremento dos niveis de demanda hoteleira en Galicia en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, sobe o volume de noites un 6,6% como consecuencia dunha mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 1,9%.
- É o terceiro ano consecutivo no que se observa un crecemento da demanda hoteleira neste penúltimo mes. O incremento deste 2018 engádese aos rexistrados en 2016 –do 14,4%- e 2017 –do 9,8% neste caso-, elevando a cifra final a algo máis de 497 mil noites neste mes de novembro –a cifra máis elevada dos últimos once anos-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é diferente. A caída deste ano –suave pois apenas chega ao 2%- rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores –moi suaves de 2012 a 2014 e máis intensas de 2015 a 2017-. Tal circunstancia coloca o volume final en preto de 235 mil viaxeiros no conxunto da comunidade –a segunda cifra máis elevada da década-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 4 mil viaxeiros aloxados mais na xeración de preto de 31 mil noites en relación ao mes de novembro do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 6,5%- así como do volume de noites –do 4,0% neste caso-. Son variacións relativamente importantes que permiten mellorar as cifras de novembro de 2017.
- Obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo da demanda hoteleira a nivel das comunidades autónomas. En particular sobe o volume de noites en todas elas agás en dúas concretas: Baleares –que rexistra un descenso do 3,9%- e Canarias –cunha caída neste caso do 15,9%-.
- Cantabria, cun incremento da demanda do 17,7%, é o destino que presenta mellor comportamento relativo neste undécimo mes do ano. Seguen en orde de importancia outros destinos localizados tamén no norte peninsular. Son neste caso Navarra –que rexistra un

incremento do 16,9%-, Cataluña –cunha suba do 14,3%- e Asturias –cun crecemento neste caso do 13,3%-.

- No lado contrario o destino que presenta o incremento máis suave ou moderado é Andalucía, cunha suba do 5,9% en relación ao mes de novembro do pasado ano.
- En termos de viaxeiros aloxados o ranking difire levemente. Neste caso é Estremadura o destino que presenta o crecemento máis notorio, do 14,9% neste caso. Seguen en orde de importancia Cataluña, Navarra e Aragón –cun crecemento por encima do 12% interanual-. No lado contrario son tres os destinos que amosan un comportamento negativo -Canarias, Galicia e Baleares-, esta última cun descenso do 12,4%.
- Por vez primeira desde o mes de marzo Galicia rexistra un incremento da demanda no conxunto dos establecementos hoteleiros da comunidade. Desde o mes de abril viña rexistrando caída consecutivas que colocan as cifra do acumulado anual en niveis negativos, por debaixo dos valores acadados en 2017.
- Canarias –con 5,5 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste mes de novembro –absorbendo o 30,2% do total estatal-. Recupera por segundo mes consecutivo esta posición de liderazgo logo de que nos cinco meses anteriores fose Baleares o destino de maior peso a nivel estatal. Tal circunstancia xa acontecera no primeira cuadrimestre do ano. Semella pois que o liderazgo de Canarias se concentra nos meses de temporada baixa ou media-baixa.
- Logo de Canarias, seguen en orde de importancia neste mes Andalucía –con máis de 2,7 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con preto de 2,5 millóns de pernoctacións-, Madrid –con preto de 2,1 millóns- e a C. Valenciana –con preto de 1,9 millóns neste caso-. Só estas cinco comunidades absorben en conxunto ao 81% do total da demanda hoteleira de España. O 19% restante repártese no resto do territorio. Galicia ocupa neste mes a sétima posición –xusto por detrás das cinco anteriores e de Castela e León- representando o 2,7% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un comportamento positivo superando nun 9,0% o nivel de demanda do pasado ano grazas á combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros residentes –do 4,8%- e mellora da estadía media –do 4,1% neste caso-. É o terceiro ano consecutivo no que se observa un crecemento do mercado interno neste mes de novembro, acadando agora en 2018 preto de 177 mil noites –a cifra máis elevada dos últimos dez anos-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo, cun descenso do 2,0% no volume de noites en relación ao pasado ano 2017 –consecuencia da caída paralela da cifra de viaxeiros españois, do 4,0% neste caso-. Este descenso contrasta coas subas rexistradas nos dous anos anteriores –2016 e 2017- e sitúa o volume final de noites do mercado receptor nacional en máis de 221 mil neste mes de novembro –a segunda cifra máis baixa da década-.
- O turismo internacional presenta neste mes un comportamento positivo superando nun 26% o nivel de demanda do pasado ano grazas á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae preto dun 9%. É o quinto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora do

turismo internacional en Galicia neste penúltimo mes do ano, colocando desta maneira o volume final de 2018 en algo máis de 99 mil noites –dato que supón un máximo histórico na nosa comunidade-.

- O turismo internacional recupera a senda positiva neste 2018 logo de acumular caídas consecutivas desde o mes de abril. Isto leva a que no acumulado anual este segmento presenta un descenso global do 6,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Neste mes o peso do turismo internacional sitúase no 20% do total da demanda hoteleira, cifra propia dun mes de temporada baixa que, sen embargo, queda por encima dos valores rexistrados en anos anteriores. O peso do mercado internacional deste mes de novembro supón, por tanto, un máximo histórico na comunidade.
- O segmento de maior peso neste mes é o mercado receptor nacional –supón o 44,5% do total da demanda hoteleira-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira. En particular, sobe o volume de noites nas catro provincias galegas, con diversa intensidade: un 6,7% en A Coruña, un 7,4% en Lugo, un 10,2% en Ourense e un 5,1% en Pontevedra. Esta mellora provén en esencia dun crecemento da cifra de viaxeiros aloxados agás no caso de A Coruña onde o motivo reside nunha mellora da estadia media.
- Con preto de 225 mil noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 45,2% do total-. Acontece tal circunstancia por segundo mes consecutivo logo de que no verán –de xullo a setembro- fose Pontevedra a provincia de maior peso. As diferenzas non son moi notables pero si se observa que en temporada alta cambia levemente o reparto da demanda a nivel territorial en comparación co resto do ano.
- Neste mes o 32,0% da demanda concéntrase na provincia de Pontevedra dando como resultado que o 77% do total se localiza nas provincias do arco atlántico. O 23% restante fica no interior –un 13% en Lugo e un 10% en Ourense-.
- A estadia nos hoteis e pensións de Galicia increméntase neste mes de novembro –un 8,6%-, situándose levemente por encima de 2,1 noites de media. Sobe a estadia media neste ano en contraposición á caída observada no pasado ano 2017. En realidade esta variable presenta un comportamento irregular neste undécimo mes do ano e non se aprecia unha pauta estable. Con todo a suba deste ano permite colocar o dato novamente por encima das dúas noites –acadando en realidade o valor máis elevado dos últimos sete anos-.
- A estadia media hoteleira de Galicia sitúase nunha posición media no conxunto do Estado. Canarias marca o valor máis elevado con 7,2 noites de media, mentres que Castela A Mancha rexistra a cifra máis baixa, con pouco máis de 1,7 noites neste caso.
- O incremento dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de leve caída da oferta dispoñible –o volume de prazas ofertadas descende un 1,6%-, circunstancia que leva a unha mellora do nivel de ocupación –sobe en máis de dous puntos porcentuais para situarse no 31,0% de media para este período-. É o terceiro ano consecutivo no que mellora o nivel de ocupación hoteleira en Galicia no mes de novembro, colocando deste maneira o dato de 2018 no máis elevado dos últimos once anos –e cun valor moi próximo ao rexistrado en 2007-.

- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste mes a terceira cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado –por diante de Asturias e Castela A Mancha-. Canarias é o destino que lidera o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal cun 72,8% en outubro. Seguen Madrid –cun 60,9%- e a C. Valenciana –cun 53,0% de media neste caso-. A media do conxunto de España sitúase no 51,5%.
- En termos dinámicos obsérvase que o nivel de ocupación varía de forma homoxénea a nivel das comunidades autónomas con incrementos xeneralizados agás no caso de Canarias e Baleares –destinos que por mor da caída da demanda rexistran un empeoramento dos niveis de ocupación-. Cataluña é o destino que presenta o incremento máis notorio, de case seis puntos porcentuais. Navarra, Cantabria e Murcia amosan tamén melloras notables, próximas aos cinco puntos porcentuais neste caso.
- As tarifas hoteleiras en Galicia soben neste undécimo mes do ano –un 3,2% en particular-situándose en 53,1 euros de media –a cifra máis baixa do conxunto do Estado-. Canarias é o destino que presenta as tarifas hoteleiras máis elevadas neste mes de novembro con 100,5 euros de media. Acadan tamén cifras importantes, por encima da media estatal, Cataluña –con 95,6 euros-, Madrid –con 90,7 euros- e Baleares –con 83,0 euros neste caso-. Son catro as comunidades que se sitúan por encima da media estatal, que neste mes queda nos 82,0 euros de media.
- Os prezos hoteleiros varían de forma dispar nas diferentes comunidades autónomas sendo maioría aquelas nas que melloran en relación ao pasado ano. Baleares é o destino que presenta o incremento máis destacado cun 17,0%, seguido de Aragón e Andalucía –ambas con subas por encima do 8% interanual-. Mantéñense estables en Murcia e Canarias.
- A mellora dos niveis de ocupación neste mes de novembro –froito dun incremento da demanda-, prodúcese nun contexto crecemento paralelo das tarifas hoteleiras, circunstancia que neste mes leva a que os establecementos hoteleiros de Galicia melloren os niveis de rendibilidade en relación ao mesmo período de 2017 –o RevPAR sobe un 9,1% ata situarse en 19,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible, a cifra máis elevada da década que ao mesmo tempo se sitúa como a segunda máis baixa do conxunto do Estado-.
- Os establecementos hoteleiros de Canarias –con 85,1 euros de ingreso medio por habitación dispoñible- son os que presentan un maior nivel de rendibilidade neste mes de novembro, sitúanse por diante das restantes comunidades entre as que destaca Madrid –con 70,5 euros-. Asturias marca no lado contrario o nivel de rendibilidade máis baixo con 18 euros de ingreso medio por habitación dispoñible.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento positivo a nivel das comunidades, mellorando o nivel de rendibilidade en todas elas agás en Canarias –destino onde descende un 5,0%-. O incremento de maior intensidade sitúase en Cataluña –cunha suba próxima ao 19% interanual-.

## ACUM. NOVIEMBRE 2018

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. Hoteleiros. Acum. Novembro 2018

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 18/17	Nº	Var. Int. 18/17
<b>VIAXEIROS</b>	99.201.725	1,2%	3.943.253	-8,1%
<b>NOITES</b>	323.624.748	-0,2%	8.025.410	-4,7%
<b>ESTADÍA MEDIA</b>	3,26	-1,4%	2,04	3,7%
<b>% OCUPACIÓN</b>	61,29%	-0,67	39,52%	-0,11

Fonte: Elaboración propia a partir de EOH

- Nos primeiros once meses deste ano 2018 Galicia rexistra unha caída dos niveis de demanda hoteleira en relación ao mesmo período do pasado ano. En particular, descende a cifra de viaxeiros aloxados –un 8,1%, acadando máis de 3,9 millóns- e o volume de noites –un 4,7% neste caso, con máis de 8,0 millóns no conxunto da comunidade-.
- O descenso deste ano rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos cinco anteriores. Logo das caídas rexistradas no bienio 2011-12, a demanda hoteleira consegue mellorar no acumulado a novembro de 2013 –un 1,7%- con carácter previo aos incrementos do 5,3% en 2014, do 8,3% en 2015, do 7,2% en 2016 e do 6,8% en 2017. A caída deste ano rompe esta dinámica e coloca o nivel final en algo máis de 8,0 millóns de noites –cifra inferior á do pasado ano pero que sen embargo queda por encima de toda a serie anterior-.
- En termos de viaxeiros aloxados a evolución é paralela rexistrando neste 2018 máis de 3,9 millóns no conxunto da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos dous anos.
- En termos de volume a variación tradúcese na perda de case 350 mil viaxeiros aloxados e de case 400 mil pernoctacións en relación ao conxunto dos primeiros once meses de 2017.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento algo diferente. No conxunto de España rexístrase un leve incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 1,2%- mais estabilízase o volume de noites como consecuencia dun descenso da estadía media. Son en todo caso variacións pouco significativas que falan máis ben de certa estabilidade dos niveis de demanda en relación ao pasado ano en termos globais.
- O comportamento da demanda a nivel das comunidades autónomas é moi dispar neste período de once meses. En particular, sobe e mellora en dez delas –sendo Estremadura o destino que rexistra o crecemento máis intenso, do 5,2% en relación ao pasado ano-. No lado contrario é Andalucía o destino de crecemento máis moderado, cun 1,2% interanual.
- A demanda mantense estable en tres comunidades –Asturias, Baleares e Castela e León- e cae nas catro comunidades restantes, con menor intensidade en Cataluña –cun 1,2%- e de forma máis acusada en Galicia –cun descenso do 4,7% neste caso-.

- Similar comportamento se observa no lado dos viaxeiros aloxados, onde se aprecian variacións dispares. Doce delas melloran as cifras do pasado ano –encabezando Cantabria o ranking cun incremento do 6,0%-, mantense estable en tres destinos e descende nas dúas restantes –sendo Galicia o destino coa caída máis notoria, do 8,1% neste caso-.
- Así pois, no acumulado ata o mes de novembro Galicia marca o peor comportamento relativo da demanda a nivel estatal, rexistrando os descensos máis acusados tanto na cifra de viaxeiros aloxados coma no volume de noites.
- Canarias –con algo máis de 63,7 millóns de pernoctacións hoteleiras- é o destino que lidera o mercado turístico hoteleiro neste período –absorbendo o 19,7% do total estatal-. Seguen en orde de importancia Baleares –con preto de 59,1 millóns de pernoctacións-, Cataluña –con case 54,5 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con máis de 50,8 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 28,0 millóns- e Madrid –con preto de 22,6 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades absorben en conxunto a máis do 86% do total da demanda hoteleira de España. O 14% restante repártese no resto do territorio destacando Galicia por encima das restantes –ocupa neste período a sétima posición, por detrás de todas as anteriores, representando o 2,5% do total estatal.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento algo diferente dos grandes segmentos, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo interno –aquele representado polos residentes en Galicia- presenta un leve incremento en relación ao pasado ano, do 1,1%, como consecuencia dunha suba paralela da cifra de viaxeiros residentes –de case o 1% neste caso- nun contexto de estabilidade da estadía media. Son crecementos moi suaves que destacan non tanto pola súa intensidade senón polo contraste co comportamento observado polos restantes segmentos de mercado. É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra unha mellora do turismo interno en Galicia, acadando neste 2018 máis de dous millóns de noites –a cifra máis elevada da década-.
- O mercado receptor nacional –aquele conformado polos españois procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio un comportamento negativo cun descenso do 6,6% no volume de noites hoteleiras –provocado en grande medida pola caída da cifra de viaxeiros españois, do 9,4% neste caso-. O descenso deste ano rompe cunha tendencia de crecementos consecutivos desde o 2013 e deixa o nivel final en case 4,1 millóns de noites –a segunda cifra máis elevada desde o 2010-.
- O turismo internacional presenta tamén un comportamento negativo neste período. O volume de pernoctacións cae un 6,5% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 13,7%, nun contexto de mellora da estadía media –do 8,4% neste caso-.
- Este descenso rompe cunha serie de crecementos consecutivos nos seis anos anteriores, circunstancia que permitira acadar máximos históricos xustamente en 2017 con máis de 2,0 millóns de noites. A caída deste 2018 sitúa o nivel final por encima de 1,9 millóns de noites, a segunda cifra máis elevada da serie histórica.
- Pouco máis da metade da demanda hoteleira corresponde ao turismo receptor nacional, segmento de maior peso neste período –representa en sentido estrito o 50,9% do total-. O mercado interno representa o 25,2% mentres que o internacional supón o 23,8% do total –cifra que tamén descende en relación ao pasado ano-.

- A nivel territorial obsérvase un comportamento algo dispar da demanda hoteleira. O volume de noites consegue mellorar só na provincia de Ourense –apenas un 1%- mais cae nas tres provincias restantes: un 6,8% en A Coruña, un 5,3% en Lugo e un 3,3% en Pontevedra.
- Con preto de 3,3 millóns de noites hoteleiras, A Coruña é a provincia que absorbe o maior volume de demanda no conxunto da comunidade –representando o 40,8% do total-. Segue parella Pontevedra co 39,5% e preto de 3,2 millóns neste caso. Ambas absorben a pouco máis do 80% do total da demanda hoteleira da comunidade.
- A estadía media nos hoteis e pensións de Galicia sitúase en 2,04 noites, cifra que supera nun 3,7% o dato do mesmo período do pasado ano. É o terceiro ano consecutivo no que mellora a estadía media na nosa comunidade, conseguindo recuperar parte do perdido nos seis anos anteriores.
- O descenso dos niveis de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible, de similar intensidade –o volume de prazas ofertadas descende un 4,3%-. Tal circunstancia ten como consecuencia que se estabilicen os niveis de ocupación do sector –nun sentido estrito cae en 0,1 puntos- ficando no 39,5% de media para o conxunto dos primeiros once meses deste ano.
- Rómpease a tendencia de mellora dos niveis de ocupación hoteleira que se viña rexistrando no acumulado ata o mes de novembro desde 2013, mellorando en todo caso en dez puntos a cifra de 2012.
- En comparación coas restantes comunidades autónomas Galicia rexistra neste período a cuarta cifra de ocupación máis baixa do conxunto do Estado. Baleares e Canarias son os destinos que lideran o ranking dos niveis de ocupación a nivel estatal con máis do 76% de media en ambos. Seguen a C. Valenciana e Cataluña –ambas no contorno do 62%-. A media do conxunto de España sitúase no 61,3%.
- No conxunto dos primeiros once meses do ano obsérvase certa mellora das tarifas hoteleiras en Galicia. En particular, increméntanse nun 2,1% en relación ao mesmo período do pasado ano situándose en 58,8 euros. Tal circunstancia acontece nun contexto de estabilidade dos niveis de ocupación o que conleva que neste período o RevPAR hoteleiro se estabilice igualmente en relación ao pasado ano. A cifra deste 2018 sitúase en 28,2 euros de ingreso medio por habitación ocupada.
- O ingreso total do sector hoteleiro en Galicia neste período de once meses estímase en algo máis de 276 millóns de euros, cifra que descende nun 0,5% en relación ao mesmo período do pasado ano.